



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la regulación por el Gobierno del abono de intereses por las cantidades en las cuentas de consignación judicial.**

El derecho fundamental de tutela judicial efectiva no puede entenderse plenamente garantizado si, una vez finalizado el proceso judicial y alcanzada una resolución firme sobre la cuestión debatida, las partes litigantes no ven satisfechos sus derechos en un plazo razonable y ágil.

Así, de forma habitual, las cuentas de consignación judicial que deben atender al cumplimiento de las resoluciones judiciales permanecen bloqueadas, lo que genera una situación de injusticia material y de frustración para las personas que tras finalizar el muchas veces largo itinerario procesal deben enfrentarse a una nueva espera.

El retraso perjudica tanto a la ciudadanía como a la credibilidad del sistema judicial y de las instituciones públicas. Es necesario que los fondos destinados a cumplir con las resoluciones firmes se abonen a la mayor brevedad posible y que, de bloquearse, esto implique un pago de compensación.

Por todo ello, consideramos necesario trasladar esta reclamación, que emana del propio ámbito judicial, para regular el funcionamiento y ejecución de las cuentas de consignación, estableciendo mecanismos que impidan su retención injustificada y que, en caso de demora, se reconozca a la ciudadanía el pago de intereses a su favor durante el tiempo en que el cumplimiento de la sentencia haya quedado pendiente.

Además, cabe destacar que la realización de trámites procesales, como la presentación de recursos, el pago de sanciones o indemnizaciones son gestionados a través de una entidad bancaria titular de las cuentas de depósito y consignaciones y que, estos saldos generan, en mayor o menor medida, intereses que, pese a la descentralización de la Administración de Justicia y al traspaso de competencias, son percibidos exclusivamente por la Administración del Estado.



Exigimos también una solución justa en el reparto de los recursos generados en los diferentes juzgados y tribunales de Galicia.

Por los motivos expuestos, el BNG formula por escrito las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Tiene previsto el Gobierno impulsar una regulación específica de las cuentas de consignación judicial destinadas al cumplimiento de resoluciones judiciales firmes, con el objetivo de evitar su retención injustificada o prolongada en el tiempo, contemplando el derecho de los ciudadanos a percibir intereses compensatorios por el tiempo transcurrido entre la fecha de la sentencia firme y la percepción efectiva de la cantidad reconocida, en caso de demora no imputable al beneficiario, así como el destino del resto de los intereses generados por los depósitos a la Administración de Justicia competente en cada caso, ya sea el Ministerio o la CCAA con competencias transferidas en materia de justicia.?
2. ¿El Gobierno establecerá mecanismos de control y transparencia sobre la disponibilidad y ejecución de los fondos mencionados?
3. ¿Se fijarán mecanismos para el cálculo de los intereses de manera automática, sin necesidad de iniciar un nuevo procedimiento judicial, para evitar dilaciones adicionales?

Madrid, a 21 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

21 MAY. 2025 17:41:28

Entrada **69385**

SOBRE O PAGAMENTO DE XUROS POLAS CANTIDADES DEPOSITADAS NAS CONTAS DE CONSIGNACIÓN XUDICIAL

Competencia
Tipo Expediente

Otros Expedientes
300-Escrito en lengua
española distinta del
castellano, oficial en
Comunidad Autónoma (art.
92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á regulación polo Goberno do aboamento de xuros polas cantidades nas contas de consignación xudicial.**

O dereito fundamental de tutela xudicial efectiva non pode entenderse plenamente garantido se, unha vez finalizado o proceso xudicial e alcanzada unha resolución firme sobre o asunto en discusión, as persoas litigantes non ven satisfeito o seu dereito nun prazo razoábel e áxil.

Así, de forma habitual, as contas de consignación xudicial que deben atender ao cumprimento das resolucións xudiciais permanecen bloqueadas, o que xera unha situación de inxustiza material e de frustración para as persoas que xa remataron o, moitas veces longo, itinerario procesual, para enfrentar unha nova espera.

O retraso prexudica tanto á cidadanía como á credibilidade do sistema xudicial e das institucións públicas. É preciso que os fondos destinados a cumprir coas resolucións firmes sexan aboados á maior brevidade posíbel e que, de paralizarse, isto implique o pagamento de compensación.

Por todo isto consideramos necesario, trasladar esta reclamación emanada do propio ámbito xudicial, de regular o funcionamento e execución das contas de consignación, establecendo mecanismos que impidan a súa retención inxustificada e que, en caso de demora, sexan recoñecidos para a cidadanía o



pagamento de xuros ao seu favor durante o tempo en que o cumprimento da sentenza quede pendente.

Ademais, cabe destacar que a realización de tramites procesuais, como a presentación de recursos, a realización de pagamentos de penas ou de indemnizacións son xestionados a través dunha entidade bancaria titular das contas de depósitos e consignacións e que, eses saldos xeran, en maior ou menor medida, xuros que, a pesar da descentralización da Administración de Xustiza e da transferencia de competencias, son percibidos exclusivamente por parte da Administración do Estado.

Reclamamos, tamén, unha solución xusta na distribución dos recursos xerados nos diferentes xulgados e tribunais da Galiza.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas escritas dirixidas ao Goberno:

1. Ten previsto o Goberno impulsar unha regulación específica das contas de consignación xudicial destinadas ao cumprimento de resolucións xudiciais firmes, co obxectivo de evitar a súa retención inxustificada ou prolongada no tempo, contemplando o dereito dos cidadáns a percibir xuros compensatorios polo tempo transcorrido entre a data da sentenza firme e a percepción efectiva da cantidade recoñecida, en caso de demora non imputábel ao beneficiario, así como o destino do resto dos xuros xerados polos depósitos á Administración de Xustiza competente en cada caso, xa sexa o Ministerio ou a CCAA con competencias transferidas en materia de xustiza.?
2. Establecerá o Goberno os mecanismos de control e transparencia sobre a dispoñibilidade e execución dos citados fondos?



3. Fixará mecanismos para o cálculo dos xuros de maneira automática, sen necesidade de iniciar un novo procedemento xudicial, para evitar dilacións adicionais?

Madrid, a 21 de maio de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso